

CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS - PLAN CONCELLOS 2019 **PROCESO SELECTIVO: AUXILIARES ADMINISTRATIVOS**

VERSIÓN EN GALEGO

1.- Indique os lugares nos que se poderán presentar os documentos que os interesados dirixan aos órganos das administracións públicas.

Artigo 16.4 (e 2.1) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) No rexistro electrónico da Administración ou organismo a que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos a que se refire o artigo 2.1.:

- A Administración xeral do Estado.
- As administracións das comunidades autónomas.
- As entidades que integran a Administración local.
- O sector público institucional.

b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

2.- Emisión de documentos polas administracións públicas. Concepto e requisitos dos documentos públicos administrativos.

Artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Artigo 26. Emisión de documentos polas administracións públicas.

1. Enténdese por documentos públicos administrativos os validamente emitidos polos órganos das administracións públicas. As administracións públicas emitirán os documentos administrativos por escrito, a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza exixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

2. Para seren considerados válidos, os documentos electrónicos administrativos deberán:

a) Conter información de calquera natureza arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

b) Dispor dos datos de identificación que permitan a súa individualización, sen prexuízo da súa posible incorporación a un expediente electrónico.

c) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron emitidos.

d) Incorporar os metadatos mínimos exixidos.

e) Incorporar as sinaturas electrónicas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

Consideraranse válidos os documentos electrónicos que, cumprindo estes requisitos, sexan trasladados a un terceiro a través de medios electrónicos.

3. Non requirirán de sinatura electrónica os documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, así como aqueles que non formen parte dun expediente administrativo. En todo caso, será necesario identificar a orixe destes documentos.